

ORDENANZA REGULADORA DO SERVICIO DE AUTO-TAXIS NO CONCELLO DE BÓVEDA.-

Artigo 1º

1.-A presente Ordenanza tén por obxecto a regulación do servico de transporte de viaxeiros en automóbiles lixeiros de aluguer con conductor, denominados AUTO-TAXIS, dentro do término municipal de Bóveda.

2.-Consideraranse AUTO-TAXIS os vehículos que prestan servicos dentro ou fora dos núcleos urbanos, sin contador taxímetro.

3.-No non previsto na presente ordenanza ou nas súas disposicións complementarias, serán de aplicación directa as normas do Regulamento Nacional dos Servicos Urbanos de Transportes en Automóbiles Lixeiros, aprobado por Real Decreto 763/1979, do 16 de marzo, e as súas modificacións aprobadas por Real Decreto 1080/89, do 1 de setembro, Real Decreto 236/1983, do 9 de febreiro, Orde do 4 de febreiro de 1.993, ou as que en cada momento estean en vigor.

Artigo 2º.-O Concello intervirá no servico de AUTO-TAXIS a través dos seguintes medios:

- Sometimento a licenza municipal previa
- Fiscalización da prestación do servico
- Disposicións complementarias para a prestación do servico.
- Ordes constitutivas de mandato para a execución dun acto ou a prohibición do mesmo.
- Ordenanza fiscal reguladora das taxas
- Establecemento da tarifa do servico de acordo coa normativa en vigor.

Artigo 3º.-As disposicións complementarias que poderá dicta-lo concello referiranse entre outras, as seguintes materias:

- 1.-Publicidade
- 2.-Turnos de vacacións e descansos
- 3.-Turnos diarios de permanencia no servico
- 4.-Identificación e características dos Auto-Turismos
- 5.-Determinación de paradas fixas e número de vehículos adscritos ás mesmas.
- 6.-Servicos por chamadas telefónicas nas paradas fixas
- 7.-Control rexistral de vehículos, titulares e conductores.

Artigo 4º.-As ordes individuais constitutivas de mandato poderán referirse, entre outros extremos a:

- 1.-Adscripción de vehículos as mesmas.
- 2.-Ordenación de servicos especiais e extraordinarios e designación dos vehículos que deban prestalos.
- 3.-Cumprimento dos preceptos da presente ordenanza e das disposicións complementarias dictadas para a súa aplicación.

Artigo 5º.-As competencias municipais corresponden ós seguintes organos:

O Concello Pleno:

- A) Acorda-la ampliación ou redución do número de licencias existentes.
- B) Sinala-los requisitos xerais e especiais que te~~ñan~~^{ñan} que reunir, en cada caso, os aspirantes ás licencias polo procedemento de concurso, figurando entre elas, como mérito preferente, a de haber exercido como taxista no Concello de Bóveda en algún dos cinco anos

anteriores a convocatoria do concurso, sempre que non fose separado do servizos mediante expediente sancionador.

C) A aprobación das Disposicións Complementarias da prestación do servizo.

A Alcaldía:

A) A concesión das licencias que queden vacantes ou se amplien.

B) A retirada das licencias nos casos previstos na Ordenanza.

C) autoriza-la transmisión das licencias no supostos que procedan, de acordo coa presente Ordenanza.

D) A concesión das autorizacións para adscribi-los vehículos ás licencias e para a súa substitución.

E) A imposición das sancións previstas na Ordenanza.

F) Dicta-las ordes individuais constitutivas de mandato.

G) A concesión ou retirada dos permisos para conduci-los vehículos de servizo público, e a súa renovación.

Todas aquelas outras facultades que non estean expresamente outorgadas por esta Ordenanza ou por disposición de rango superior ó Pleno, corresponden ó alcalde.

LICENCIAS

Artigo 6º.-A concesión de licencias para exerce-los servizos de transporte de viaxeiros, para adscribir vehículos ás mesmas e para conduci-los, así como o procedemento de transmisión, duración, caducidade e revocación de licencias é competencia do Concello, que a exercerá no forma prevista na Ordenanza e nas disposicións aplicables que regulen esta materia.

Artigo 7º.-

1.-O titular de licencia de AUTOTAXIS que te ~~1/2~~ dereito a transmitir intervivos a súa licencia, no caso de que desexe facelo deberá comunicar por escrito ó Concello a súa intención, fixando o prezo da mesma.

2.-O Concello reservase o exercicio do dereito de opción ó seu favor para o rescate da licencia.

3.-As transmisións de licencias que se realicen contravindo o disposto na lexislación reguladora de aplicación, serán causa de revocación da licencia pola Corporación, previa tramitación do correspondente expediente, que poderá iniciarse de oficio, a instancia das Centrais Sindicais e Asociacións Profesionais da Localidade ou de calquera outro interesado.

Artigo 8º.-O titular da licencia té n que ser propietario do vehículo que se propo ~~1/2~~ para presta-lo servizo, que deberá figurar como tal no Rexistro da Xefatura Provincial de tráfico.

Os propietarios dos vehículos deberán concertar obrigatoriamente, a correspondente póliza de seguros, que cubrirá os danos a viaxeiros ou a terceiros con responsabilidade civil ilimitada.

Artigo 9º.-Os titulares das licencias poderán substituí-lo vehículo adscrito ás mesmas por outro máis moderno ou de superiores condicións, sempre que supo ~~1/2~~ mellora para ó servizo, reúna as esixencias desta ordenanza e se obte ~~1/2~~ unha autorización do Concello de Bóveda, previo pagamento dos dereitos e taxas correspondentes, seguíndose os mesmos trámites sinalados para o caso de posta en servizo do vehículo polo titular dunha nova licencia.

Artigo 10º.-As transmisións dos vehículos destinados ó servizo de UTO-TAXIS, con independencia da licencia municipal a que están afectos levan implícito a anulación desta, salvo

que, previamente, ó transmitinte aplique a aquela outro vehículo da súa propiedade, contando para todo isto coa previa autorización a que se refire esta Ordenanza.

Artigo 11º.-Os automóviles que vaian a prestar esta clase de servicios, no momento de ser revisados para autoriza-la súa posta en servicio, deberán cumprir como mínimo, os seguintes requisitos:

1. Has de ser novos
2. Catro portas
3. Debe estar separado o maletreiro do habitáculo
4. Capacidade mínima para cinco persoas
5. Nas portas dianteiras levarán o anagrama oficial do Concello de Bóveda
6. O número da licencia figurará en ambas portas dianteiras, na parte posterior do vehículo e na parte frontal dianteira do interior do vehículo.
7. Non poderán permanecer en servicio por un tempo superior a dez anos, momento no cal suspenderase automaticamente a eficacia da licencia, en tanto non se adscriba a mesma un novo vehículo.

Artigo 12º.-Os vehículos do servicio levarán a carrocería pintada da cor que se estableza nas disposicións complementarias, que deberán facilitar ó máximo a súa identificación.

Artigo 13º.-

1.-Cando os vehículos autotaxis, estando de servicio, non estean ocupados por pasaxeiros deberán estar situados nas paradas sinaladas ó efecto nesta Ordenanza.

2.-a) os vehículos autotaxis estacionaranse nas paradas oficiais, por orde sucesivo de primeiro a último, a medida que vaian chegando as mesmas.

b) As saídas haberán de facerse de acordo co orde de colocación, comenzando polo vehículo situado no primeiro lugar, e así sucesivamente.

2.-Cando os conductores de autotaxis en situación de libre, estén circulando e sexan requeridos por varias persoas ó mesmo tempo para a prestación dun servicio, ateráanse ás seguintes normas de preferencia:

a) Persoas que se atopen na beirarrúa correspondente ó sentido de circulación do vehículo.

b) Doentes, impedidos e anciós.

c) Persoas acompañadas de nenos e mulleres embarazadas.

d) Persoas de maior idade

3.-Nas paradas, a preferencia virá determinada pola orde de chegada dos usuarios.

Artigo 14º.-

1.-Os vehículos autotaxis, cando non estean ocupados, xa sexa nas paradas ou en circulación, indicarán a súa situación de “libre”, facendo visible a través do parabrisas dita palabra.

2.-Durante a noite, os autotaxis para indica-la situación de libre deberán levar acesa na parte dianteira dereita da carrocería unha luz verde, que se apagará ó se ocupa-lo vehículo, ou cando estea en situación de reservado.

Artigo 15º.-Os obxectos que atopase o conductor os entregará o mesmo día, ou o máis tardar dentro das 48 horas do seguinte hábil, nas dependencias municipais de atención ó público.

Artigo 16º.-Os titulares dos vehículos detinados a cada parada fixa sinalada nesta

Ordenanza, deberán correr solidariamente cos custes do servicio de comunicación telefónica adscrito á mesma.

Artigo 17º.-

1.-Os conductores ó presta-lo servicio:

- a) Pecharán os cristais a indicación do usuario.
- b) Axudarán a subir e a apearse do vehículo ós anciáns, doentes, inválidos e nenos.
- c) Recollerán e colocarán adecuadamente as maletas, equipaxes, e outros bultos.
- d) Encederán a luz interior pola noite, para facilita-la subida e baixada, e o pagamento

do servicio.

Baixarán o volume do receptor de radio, a vontade do pasaxeiro.

2.-Durante a prestación do servicio, en ningunha ocasión e por ningún concepto, os conductores proferirán ofensas ou entablarán discusións que alteren a orde, xa sexa entre sí, cos pasaxeiros, ou co público en xeral.

3.-Así mesmo, deberán respetar e admiti-lo uso do dereito de cooficialidade das linguas castelá e galega que fagan os usuarios, nas indicacións necesarias para o cumprimento do servicio.

Artigo 18º.-A imposibilidade de prestar servicios por períodos superiores a un mes por causa de forza maior deberá ser comunicada a Corporación no prazo de tres días hábiles, contados a partir da falta de prestación do servicio.

Artigo 19º.-O titular da licenza de auto-taxi comunicará ó Concello, previamente a iniciación da prestación do servicio, a contratación de cada conductor.

Artigo 20º.-

1.-Para conducir vehículos automóbiles adscritos ó servicio público regulado nesta Ordenanza será necesario atoparse en posesión do carnet municipal expedido polo Concello.

2.-O obxecto de obter dito documento, o interesado deberá acreditar:

- a) Posuir permiso de conducción de automóbiles de clase B2 ou superior.
- b) Co ~~1/2~~ e-las parroquias, vías públicas, lugares de interese turístico, oficinas públicas, hoteis e itinerarios máis directos para chegar ó punto de destino.
- c) Co ~~1/2~~ e-la Lei de seguridade Vial, Regulamentos e demais normas relativas ó servicio, así como as tarifas aplicables.
- d) Non padecer enfermidade infecto-contaxiosa ou impedimento físico que dificulte ou imposibilite o normal exercicio da profesión.

e) Reuni-los requisitos establecidos na Lei de Seguridade Vial, así como os que especialmente sinale, con tal carácter, a Xefatura de Tráfico.

3.-As circunstancias expresadas nos apartados b) e c) do parágrafo anterior acreditaránse mediante a proba de aptitude, que poderá esixi-lo concello cando ó estime oportuno.

4.-Cooa solicitude e documentos que xustifiquen as circunstancias antes enumeradas, acompa ~~1/2~~anse dúas fotografías tama ~~1/2~~ carnet.

Artigo 21º.-

1.-Os carnets de conducción dos vehículos a que se refire o artigo anterior, serán revisados cas dez anos, poidendo ser prorrogados expresamente por períodos de dez anos.

2.-Poderán ser suspendidos ou retirados temporalmente:

- a) Nos casos de sanción previstos nesta Ordenanza.
- b) Cando fora temporalmente suspendido ou retirado o permiso de conducción.

Artigo 22º.-Os conductores dos vehículos cando estean de servizo deberán coidalo seu aspecto persoal e vestir con pulcritude, así como manter os vehículos limpos tanto interior como exteriormente.

Artigo 23º.-Os vehículos afectos ó servizo deberán estar provistos da documentación seguinte:

- a) Documentos relativos ó propio vehículo e ó seu conductor.
- b) Placa co número da licenza municipal, matrícula e a indicación do número de prazas.
- c) Lei sobre Tráfico, Circulación de vehículos a Motor e Seguridade Vial, e Código de Circulación actualizado.
- d) A presente Ordenanza, as súas disposicións complementarias e o Regulamento Nacional dos Servizos Urbanos e Interurbanos de Transporte en automóviles lixeiros.
- e) As tarifas de prezos vixentes, visada polo Concello.
- f) Talonarios de recibos.
- g) Libro de reclamacións.

INFRACCIÓNS, SANCIO NS E PROCEDEMENTO SANCIONADOR

Artigo 24º.-

1.-Sen prexuízo das causas de caducidade e revocación das licencias, as infraccións que cometan os titulares de licencias e os seus conductores dependentes, clasificará nse en leves, graves e moi graves, consonte a tipificación recollida no Real Decreto 763/1979, do 16 de marzo ou disposición legal que a substitúa, e nesta ordenanza.

2.-Terán a consideración de faltas leves:

Os recollidos no artigo 49 do R.D. 763/1979, do 16 de marzo.

Non levar no vehículo os documentos que se relacionan no artigo 23.

Non facilitar canbeo de moeda ata 2000 pesetas.

Non coloca-lo impresa da vixente tarifa de prezos a vista do usuario.

Abandoa-lo vehículo sen xustificación.

Non respeta-lo orde de preferencia a que se refire o artigo 17.

Non leva-las indicacións dos horarios de traballo que no seu caso se determine pola Corporación.

3.-Terán a consideración de faltas graves:

As recollidas no artigo 50 do R.D. 763/1979, do 16 de marzo.

Non respeta-lo turno de paradas.

Non admiti-los conductores a comprobación por parte do usuario do rexistro quilométrico por aplicación da tarifa.

Non presenta-lo vehículo a requerimento da autoridade municipal ou dos seus axentes.

Non satisface-la parte proporcional dos custes do servizo de comunicacións telefónica a que se refire o artigo 16.

A percepción en exceso ou en defecto da tarifa, en cantidade inferior a un 25% da autorizada.

4.-Terán a consideración de faltas moi graves:

As recollidas no artigo 53 do R.D. 763/1979, do 16 de marzo.

A manifesta desobediencia ás ordes da Alcaldía.

O fraude no conta-quilómetros.

A negativa a estender recibo do importe da carreira.

O incumprimento, tanto por exceso como por defecto, das horas de traballo, descanso semanal e vacacións, e das normas de organización do servizo, e a negativa á prestacións de

servicios extraordinarios, especiais ou de urxencias.

A negativa a prestar servico en hora ou turno de traballo, indicando situación de libre.

A percepción en exceso ou en defecto da tarifa, en cantidade superior a un 25% da autorizada.

Os cambeos nos distintivos fixados sobre o vehículo, que teñan sinalado a Corporación.

5.-As sancións con que poden castigarse as faltas tipificadas consonte o parágrafo anterior serán as recollidas no artigo 53 do mencionado Real Decreto 763/1979, ou disposición legal que o substitúa.

Artigo 25º.-

1.-Calquera persoa (particular, Central Sindical, Agrupación Profesional ou Asociación de Consumidores e Usuarios), poderá formular denuncia por feitos que constituen infracción dos preceptos contidos nesta Ordenanza.

2.-Están obrigados a formular denuncia os axentes da autoridade.

Artigo 26º.-O procedemento sancionador axustarase ó Real Decreto 1398/1993, do 4 de agosto.

Artigo 27º.-Os titulares de licencias e conductores poderán solicitar a cancelación da nota desfavorable que figure no rexistro municipal correspondente, sempre que houberan observado boa conducta e cumprindo a sanción, unha vez transcorridos dende a imposición desta un ano, tratándose de falta leve, e dous anos se se trata de falta grave.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente Ordenanza entrará en vigor ós 20 días da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA 1ª

Os vehículos actualmente adscritos ó Servico de Autotaxis de Bóveda deberán adecuarse as características dos mesmos ó contido desta Ordenanza e disposición complementarias no prazo de dous anos contados a partir da entrada en vigor da mesma.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA 2ª

Os conductores dos vehículos titulares de licencias en vigor a entrada desta ordenanza, terán un prazo de tres meses para acreditar as circunstancias que se recollen no artigo 20 desta ordenanza, co fin de expedirlles o carnet municipal.

DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIAS.

1º.-Relación de paradas.

En aplicación do disposto no artigo 3ª da Ordenanza Reguladora do Servico de AUTO-TAXIS, sinálase ó número e situación das paradas fixas deste Servico:

1º.-BOVEDA: PRAZA DA FILGUEIRA DE BÓVEDA

2º.-RUBIÁN: AVDA. DE GALICIA DE RUBIÁN

2º.-Vehículos adscritos as paradas:

1º.-BOVEDA:

(Licencia nº 2)

(Licencia nº 3)

(Licencia nº 4)

(Licencia nº 5)

(Licencia nº 7)

2º.-RUBIAN:

(Licencia nº 1)

(Licencia nº 6)

(Licencia nº 8)

3º.-As paradas fixas de Bóveda e Rubián deberán contar obrigatoriamente co servizo de comunicación telefónica para servizo do usuario.

4º.-Os vehículos do servizo levarán a carrocería pintada de cor branca, a efectos de facilitarlle a súa identificación.